



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

Informe de accións de coordinación

C E N T R O

Facultade de Ciencias da Educación de Ourense

Curso 2013-2014

Aprobado na Comisión de Garantía Interna de Calidade do día 31 de outubro de 2014

Índice

0. Introducción.....	4
I. Información xeral.....	5
II. Coordinación.....	6
III. Accións de coordinación.....	7
3.1. Reunións de coordinación verticais ou horizontais	
3.1.1. Títulos de Grao.....	7
3.1.1.1. Reunións do equipo coordinador de Títulos do centro.....	7
3.1.1.2. Reunións do equipo coordinador de Títulos dos tres centros da Universidade de Vigo (Ourense, Pontevedra e Vigo).....	8
3.1.1.3. Reunión do coordinador-a de materia co profesorado da mesma	8
3.1.1.4. Reunións dos coordinador de curso co profesorado coordinador de materia.....	9
3.1.1.5. Reunións do equipo coordinador de prácticas curriculares co profesorado titor.....	9
3.1.1.6. Reunións do equipo coordinador do títulos cos de cursos.....	9
3.1.2. Títulos de Mestrado.....	11
3.1.2.1. Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos.....	11
3.1.2.1.1. Reunións entre os responsables de coordinacións xerais.....	11
3.1.2.1.2. Reunións entre os responsables de coordinacións e profesorado do título e do profesorado entre sí.....	12
3.1.2.2. Mestrado de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos.....	13
3.1.2.2.1. Reunións da coordinadora de Título cos coordinadores-as de módulo e de TFM.....	13
3.1.2.2.2. Reunións da coordinadora de materia co profesorado das mesmas.....	13
3.1.2.2.3. Reunión de coordinación entre responsables do TFM	13



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

3.1.2.3. Máster do Profesorado de E. Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de idiomas.....	13
3.1.2.3.1. Reunión da coordinadora de campus co profesorado do módulo común.....	13
3.1.2.3.2. Reunión da coordinadora de campus co profesorado do módulo específico.....	15
3.1.2.3.3. Reunións da coordinación de materia co profesorado das mesmas e do itinerario.....	16
3.1.2.3.4. Coordinación da coordinadora de campus co profesorado que participa no prácticum.....	17
3.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas	
3.2.1. Títulos de Grao.....	17
3.2.1.1. Accións de coordinación da coordinadora do PAT cos titores/as.....	17
3.2.1.2. Reunión da coordinadora de calidade e a Vicedecana de planificación.....	18
3.2.1.3. Reunións entre os decanos/as representantes das universidades galegas.....	18
3.2.2. Títulos de Mestrado.....	19
3.2.2.1. Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos.....	19
3.2.2.2. Mestrado de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos.....	19
3.2.2.2. Máster do profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza dos idiomas.....	19
IV. Conclusións.....	20



Facultade de
Ciencias da Educación
Universidade de Vigo

Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

0. INTRODUCCIÓN

Cabe indicar que este informe anual de accións de coordinación do centro para os respectivos Graos e Mestrados foi sometido a análise e valoración da Comisión de Garantía Interna de Calidade (CGIC) na reunión extraordinaria do día 31 de outubro de 2014, e posteriormente aprobado pola mesma. Os membros da Comisión de Calidade do Centro referíronse na referida xuntanza a importancia, ante as esixencias sobrevidas, de fomentar entre os docentes e en xeral entre a comunidade universitaria os mecanismos de participación, coordinación e cooperación.

Ó longo do curso académico 2013-2014 a CGIC, entre outros cometidos, ven tendo un papel dinamizador na promoción das accións de coordinación vertical e horizontal entre os docentes do centro para mellorar a planificación e implementación do ensino. Asimesmo desde a referida Comisión trátase de potenciar en maior medida o desenvolvemento da cultura colaborativa, en particular, entre o profesorado. Os membros desta Comisión tamén plasmaron a necesidade de contar con novas ferramentas na infraestrutura do centro e da Universidade de Vigo que faciliten a xestión de calidade, integrando novos canais de discusión para a coordinación e o rexistro de evidencias entre os docentes aproveitando o potencial das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC). O esforzo persoal e colectivo polo que está pasando o profesorado para responder os mecanismos de calidade que se están demandando por parte do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC), con un apoio administrativo escaso e indirecto, é moi elevado. Feito que esta Comisión considera que debe ser de análise e reflexión profunda por parte de instancias superiores para ofrecer soportes que sustenten solidamente e de xeito continuado o enorme volume de traballo que estas esixencias xeraron nos centros.

A CGIC tamén valorou a enorme carga de traballo do profesorado asociada a modelos moi ríxidos e formalistas para levar a cabo as accións de coordinación coa convocatoria, rexistro e custodia de evidencias, que necesariamente debilita o posible esforzo dirixido ás dinámicas requiridas para o deseño e implementación dun ensino de calidade, así como o desenvolvemento da investigación e en consecuencia da produción científica. Pese o dito a estimación global que fai a CGIC referida as accións de coordinación dos docentes deste centro no curso 2013-2014 dirixidas a mellorar a planificación e desenvolvemento do ensino é satisfactoria e resalta a enorme vontade e adicación que están tendo os docentes para repostar as fortes esixencias do patrón que abrande o Sistema de Garantía Interno de Calidade de Centro.



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación título/s	<p>Graos</p> <p>EDUCACIÓN INFANTIL EDUCACIÓN PRIMARIA EDUCACIÓN SOCIAL TRABALLO SOCIAL</p> <p>Mestrados</p> <p>INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS INVESTIGACIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA CON ADOLESCENTES EN CONTEXTOS ESCOLARES PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFISIONAL E ENSINANZA DOS IDIOMAS</p>
Centro(s) onde se imparte o título/s	Facultade de Ciencias da Educación de Ourense
Curso de implantación	<p>Graos: curso 2009-2010</p> <p>EDUCACIÓN INFANTIL EDUCACIÓN PRIMARIA EDUCACIÓN SOCIAL TRABALLO SOCIAL</p> <p>Mestrados</p> <p>INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS: Curso 2008-2009</p> <p>DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS: Curso 2009-2010</p> <p>PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFISIONAL E ENSINANZA DOS IDIOMAS: Curso 2009-2010</p> <p>INVESTIGACIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA CON ADOLESCENTES EN CONTEXTOS ESCOLARES: Curso 2009-2010¹</p>

¹ Por acordo da CAM, refrendado na Comisión Permanente da Facultade de Ciencias da Educación, o Máster de "Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares" non se ofertará o próximo curso 2015-16. Por este motivo, para este Máster xa non se fixo o Informe de Seguimento nin se fará o proceso de Acreditación e en consecuencia non se inclúen referencias ó mesmo neste informe.

II. COORDINACIÓN

Coordinación de título/s	Título de Grao	Grao de Educación Infantil	Díaz Pereira, María del Pino
		Grao de Educación Primaria	García Señorán, María del Mar
		Grao de Educación Social	Cid Fernández, Xosé Manuel
		Grao de Trabajo Social	González Fernández, Antonio
	Título de Mestrado	Máster de dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos	García Señorán, Mar
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos		Suárez Pazos, Mercedes	
Máster do profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza dos idiomas		Garrido González, Josefina	
		Máster de investigación psicosocioeducativa con adolescentes en contextos escolares	González Fernández, Antonio
Título de Grao	<p>Coordinación cursos Educación Infantil Martínez Vidal, Aurora: 1º Ed. Infantil García Núñez, Javier: 2º Ed. Infantil Tellado González, Fernando: 3º Ed. Infantil Díaz Pereira, María del Pino: 4º Ed. Infantil</p> <p>Coordinación cursos Educación Primaria Mayobre Rodríguez, Purificación: 1º Ed. Primaria Conde Rodríguez, Ángeles: 2º Ed. Primaria González Piñeiro, Manuel: 3º Ed. Primaria García Señorán, Mar: 4º Ed. Primaria</p> <p>Coordinación cursos Educación Social Braña López, Fátima: 1º Ed. Social Fernández González, Anxo: 2º Ed. Social Failde Garrido, José María: 3º Ed. Social Cid Fernández, Xosé Manuel: 4º Ed. Social</p> <p>Coordinación cursos Trabajo Social Méndez Fernández, Ana Belén: 1º Trabajo Social López Castedo, Antonio: 2º Trabajo Social López Viso, Mónica: 3º Ed. Trabajo Social González Fernández, Antonio: 4º Ed. Trabajo Social</p>		
Equipo coordinador do curso (se procede)			
	Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	Coordinadora do TFM: Díaz Pereira, M ^a del Pino Coord. Prácticas Curriculares: García Señorán, Mar Coord. relacións institución externas: Failde Garrido, José M ^a	
	Máster de dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos	Coordinación Modulo 1: Tellado González, Fernando Coordinación Módulo 2: Conde Rodríguez, Ángeles Coordinación Módulo 3: Raposo Rivas, Manuela Coordinación TFM: Deaño Deaño, Manuel	
Título de Mestrado (outras coordinacións)	Máster do profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza dos idiomas	Coordinadora do Campus Ourense: Ricoy Lorenzo, M. Carmen Coordinadores de Itinerario: - Humanidades: Vaquero García, Alberto - Orientación Educativa: Ricoy Lorenzo, M. Carmen - Tecnoloxía e Informática: Membiela, Pedro Iglesia - Xeografía e Historia: Prada Rodríguez, Julio	



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

	Máster de investigación psicosocioeducativa con adolescentes en contextos escolares	Coordinador do TFM: González Fernández, Antonio
--	---	---

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

De seguido preséntase un recopilatorio descritivo das principais accións de coordinación docente levadas a cabo no centro no curso académico 2013-2014.

3.1. Reunións de coordinación verticais e/ou horizontais

Realizáronse distintos tipos de reunións de coordinación para a planificación e desenvolvemento do ensino:

3.1.1. Títulos de Grao

3.1.1.1. Reunións do equipo coordinador de Títulos do centro

De maio de 2013 a xullo de 2014, Aínda que cada Título (Infantil, Primaria, Educación Social, traballo Social) presenta a súa propia idiosincrasia, a Facultade de Educación funciona con dinámicas globais producíndose sinerxias entre todos os títulos que conforman a institución. Este clima/cultura institucional deriva, en parte, do traballo conxunto que os coordinadores de título realizan regularmente ó longo do curso académico en reunións que se desenvolveron todos os luns en horario lectivo de 12:30 a 14:00 horas. Moitos dos documentos e normativas que serven para a organización, desenvolvemento e xestión de actividades docentes, son comúns a todos os títulos, polo que deben ser tratados de forma coordinada entre os responsables de titulacións. Entre os asuntos tratados e/ou os acordos tomados neste foro cabe destacar a:

- (xullo de 2013) Elaboración das normas que regulan a organización e xestión dos grupos docentes.
- (maio de 2013) Directrices de partida para a elaboración de normativas docentes comúns, como a do TFG e prácticum.
- (maio de 2014) Pautas para o deseño dos instrumentos de avaliación mediante rúbrica para TFG.
- (xullo de 2013 e xullo de 2014) Definición de criterios para a distribución de títos/as para TFG
- (xullo de 2013) Determinación de estratexias organizativas para o deseño e desenvolvemento das Xornadas de Acollida de novo alumnado.



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

- (xullo, setembro e outubro de 2013) Fixación de mecanismos para a organización e posta en marcha de cursos de formación comúns para todos os títulos, por exemplo: Curso impartido pola Biblioteca de Campus para manexar bases de datos, e Curso de Apoio Metodolóxico para desenvolver o TFG.
- (xuño de 2013 e xuño de 2014) Elaboración e revisión de Normas Comúns entregadas ós coordinadores-as de materia e profesorado para elaboración das guías docentes.

3.1.1.2. Reunións do equipo coordinador de Títulos dos tres centros da Universidade de Vigo (Ourense, Pontevedra e Vigo)

De xuño de 2013 a xullo de 2014, reunións de coordinadores de título dos tres centros universitarios nos que se imparten os mesmos títulos de Grao (Infantil e Primaria) son constantes ó longo de todo o curso e máis en particular en determinados períodos para a preparación de informes, normativas e para a determinación de acordos sobre o emprego e documentos a subir as aplicacións dixitais que se utilizan de forma uniforme (como a do seguimento de título). Por problemas de distancia e tempo as reunións de coordinación para acadar acordos realízanse habitualmente por videoconferencia, Skype e ademais empréganse outros espazos e medios dixitais como un grupo de correo electrónico; ademais excepcionalmente faise algunha xuntanza presencialmente. En particular para o traballo cooperativo os tres centros comparten en GOOGLE DRIVE distintos eportfolios e documentos *online* desenvolvendo traballo simultáneo todos os integrantes do equipo.

Cabe indicar que as accións de coordinación desenvoltas foron practicamente diarias durante os meses de setembro e outubro de 2013, entre os campus de Ourense e Pontevedra, para a ELABORACIÓN DO INFORME DE SEGUIMIENTO dos respectivos títulos. Ademais entre outros asuntos e actividades tratadas poden indicarse tamén as seguintes:

- (xullo de 2013) Definición das táboas de recoñecementos e convalidacións nos diferentes títulos.
- (abril de 2014) Determinación de directrices de partida para a posterior elaboración de normativas para as materias de Prácticum e TFG, independentemente que logo cada centro a personaliza atendendo as súas particularidades.
- (xuño de 2013) Acotamento do número de prazas para traslados de centro.
- (xullo de 2014) Delimitación de estratexias para a negociación conxunta de convenios para a realización de prácticas curriculares.

3.1.1.3. Reunións do coordinador-a de materia co profesorado da mesma

De xuño de 2013 e setembro-xaneiro-xuño-xullo de 2014, as materias impartidas de forma compartida por dous ou máis profesores-as necesariamente requireron de diversas accións de coordinación que se desenvolven ó longo de todo o curso e de xeito máis focalizado nos meses de xuño (para tomar acordos sobre a planificación da docencia coa finalidade de detallar contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación, recursos bibliográficos, etc., ó inicio de cada cuadrimestre



Facultade de
Ciencias da Educación
Universidade de Vigo

Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

(setembro e xaneiro) para pórse de acordo en cuestións de tipo organizativo e de secuenciación de contido, así coma o longo de cada cuadrimestre para ir realizando os reaxustes oportunos e ó redor de finais de mesmo para tomar decisións sobre a emisión conxunta da avaliación, a reflexión sobre a adquisición de competencias, atrancos, etc.

3.1.1.4. Reunións do coordinador de curso co profesorado coordinador de materia

Primeira semana de setembro de 2013 e xaneiro de 2014, ó principio do 1º e 2º cuadrimestre os coordinadores de curso proceden á organización dos grupos docentes de cada materia e a través de grupos de correo electrónico coordinouse a distribución do alumnado co profesorado de cada unha das materias, así mesmo tamén se informou de outras cuestións organizativas relativas ó comezo do curso (distribución de aulas, recursos, desequilibrio entre grupos motivado por cambios, etc).

3.1.1.5. Reunións do equipo coordinador de prácticas curriculares co profesorado titor

A complexidade organizativa da materia do Prácticum, require accións de coordinación diversas ao longo de todo o curso académico, entre elas destacamos as seguintes:

Abril-Maio de 2014, convocáronse diversas reunións para coordinar o prácticum. Os coordinadores de título e de prácticum das diferentes titulacións tiveron unha xuntanza para coordinar a organización dunha sesión informativa co alumnado de 3º curso. Para elo determinaron o contido a presentar o alumnado sobre os aspectos organizativos e académicos das prácticas curriculares.

Xuño de 2014, se levou a cabo unha reunión liderada polos respectivos coordinadores do Prácticum dos distintos Títulos do centro, ó profesorado que titoriza as Prácticas Curriculares, co obxecto de delimitar de xeito unificado os criterios de avaliación no presente curso académico. Como síntese dos asuntos tratados e/ou acordos tomados cabe destacar os referidos a:

- Determinación da ponderación que corresponde tanto o titor-a académico como ó da institución externa.
- Delimitación do nº de matriculas de honra e os criterios para outorgadas.
- Establecemento dos criterios de calidade a ser empregados para a valoración das memorias propostas para matrícula de honra.

3.1.1.6. Reunións do equipo coordinador do títulos cos coordinadores de cursos

Realizáronse diversas reunións cos equipos de coordinación nas datas que se sinalan a continuación:

15 de maio de 2014, convocouse unha reunión liderada pola Decana do centro co obxecto de concretar cos coordinadores-as de Títulos e dos respectivos cursos do ano académico 2013-2014 e 2014-2015 a planificación das accións que proximamente se deberían levar acabo nos distintos títulos. Como síntese dos asuntos tratados e/ou acordos tomados cabe indicar o seguinte:



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

- Analizar a través dunha reunión entre os coordinadores de curso e os de título os puntos fortes e as debilidades detectadas durante o curso 2013-14 e propor algunha mellora para o próximo ano.
- Convocar unha reunión de coordinadores de títulos para organizar o proceso de cumprimentación das guías docentes na plataforma Docnet. Neste sentido é necesario:
 - Que o coordinador de curso se encargue de facilitar ó profesorado as instrucións para cubrir ou actualizar as guías, presentalas nos dous idiomas (galegos e español), etc.
 - Coordinar entre o profesorado do curso e das materias que son compartidas, as datas de entrega do traballo do alumnado e as de probas parciais. Neste sentido os coordinadores de curso deberán convocar entre o 23 e 27 de xuño, unha reunión para revisar as guías docentes do curso 2014-15. Tamén se abordará a planificación da carga de traballo para o alumnado e probas de avaliación (asegurando algo de diversidade, como mínimo tres instrumentos de avaliación).
 - O coordinador de título supervisará todas as guías para comprobar se están cumprimentadas correctamente.
- Acórdase que a efectos de arquivo de evidencias, os respectivos coordinadores/as unha vez promovidas as accións e redactada a síntese das xuntanzas celebradas trasladaran a correspondente documentación o equipo decanal.
- Vista a conveniencia, na que coincide todo o profesorado, a Decana comprométese unha vez estudada, e de ser factible, a tramitar a solicitude dunha plataforma ou de outras vías en formato dixital para depositar información que manexa o profesorado ó longo do curso.

20 de maio de 2014, reunión cos coordinadores-as de título liderada pola decana na que se acordou:

- Establecer directrices que posibilitaran nas guías docentes unha mellor coherencia cos criterios establecidos nas fichas recollidas para as diversas materias na MEMORIA VERIFICA das respectivas titulacións, así coma para evitar duplicidades entre os contidos das materias do currículo dos respectivos Graos e poder garantir as competencias xerais e específicas correspondentes o alumnado.
- Facilitarlle ó profesorado un tutorial de apoio técnico para a cumprimentación das guías docentes na plataforma de DocNet, en particular no referido a presentación das mesmas tanto en galego como en castelán.
- Determinar os prazos de cumprimentación, revisión e entrega das guías docentes desenvoltas na plataforma DocNeT.
- Analizar e no posible promover un reparto racional na distribución temporal dos traballos realizados polo alumnado ó longo do curso académico.

Xullo de 2014, reunión entre os coordinadores-as de título e curso liderada polo coordinador-a de título na que se abordaron aspectos concretos sobre a revisión das guías docentes das materias das respectivas titulacións do centro.



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

3.1.2. Títulos de Mestrado

3.1.2.1. Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Leváronse a cabo diversos tipos de xuntanzas, algunhas informais de traballo e outras de carácter mais formal, previamente convocadas e xeradoras de actas. Ademais das accións que se consignan seguidamente, usáronse diversos tipos de coordinación/comunicación a través de: correos electrónicos, sesións de vídeo-conferencia (por Skype) e compartir documentos por Dropbox. Existe unha excelente coordinación entre os responsables do Mestrado e os da Facultade, pois coinciden responsables en ambas instancias.

3.1.2.1.1 Reunións entre os responsables de coordinacións xerais

Maio 2013, xuntanza de traballo entre a coordinadora xeral do título e a coordinadora do TFM. O obxecto focal foi organizar a presentación e defensa do Traballo Fin de Mestrado e organizar o envío da documentación precisa ao alumnado, titores e titoras e tribunal.

Xuño, xullo, setembro 2013, xuntanzas de traballo entre os docentes con responsabilidades xerais. O obxecto central foi a preparación de toda a estrutura de apoio para a docencia do curso 2013-2014. Ademais da revisión das necesidades, procedementos, calendarios, etc. do novo curso e poñerse en contacto co profesorado cando é preciso.

3 de setembro de 2013, xuntanza co obxecto central de organizar o inicio do curso, especialmente no relativo ás Prácticas Externas e o Traballo Fin de Mestrado. Os destinatarios e participantes foi o profesorado con responsabilidades xerais no título: coordinadora do Mestrado, coordinadoras do Prácticum e do TFM, así coma o coordinador das relacións externas.

Entre os asuntos tratados cabe destacar os mecanismos definidos para a organización do Prácticum e do TFM, para o establecemento de novos convenios con entidades externas, os asuntos relativos ao TFM, e outras cuestións de interese.

Setembro de 2013, xuntanza de traballo para preparar a sesión de acollida. Os participantes foron: a coordinadora xeral, e responsables do TFM e do Prácticum.

Setembro-Outubro 2013, xuntanzas de traballo entre a coordinadora das Prácticas Curriculares Externas e o coordinador de Relacións coas Institucións Externas. O obxecto principal da reunión foi: Analizar as peticións de institucións e servizos do alumnado, asignarlles o lugar de prácticas e as titoras/es académicos. Asimesmo considerouse a revisión dos convenios existentes e o análise de ser necesario para solicitar algúns novos.



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

3.1.2.1.2. Reunións entre os responsables de coordinacións e o profesorado do título e do profesorado entre sí

Xuño/xullo 2013, xuntanzas de traballo nas que participaron responsables do título entre sí, responsables con algúns docentes, e docentes entre sí. Obxecto: Preparación das guías docentes para o curso 2013-14. Posteriormente, e antes de seren aprobadas e publicadas, as guías foron revisadas pola coordinadora do título.

1º e 2º cuadrimestre do curso

xuntanza de coordinación do profesorado dunha mesma materia. Ao longo de todo o cuadrimestre correspondente, a coordinadora ou coordinador de cada materia mantén unha comunicación constante, de xeito presencial e electrónico, co resto dos docentes da mesma materia, coordinando a guía docente, a sesión de presentación da materia, datas para entrega de tarefas, sistema de avaliación, etc. Finalizado o curso, ou en ocasións durante o mesmo, revisan o desenvolvemento do ensino, detectando problemas e buscando solucións, de ser o caso.

xuntanza do profesorado afectado para coordinar a selección e realización das respectivas actividades de módulo. Cada módulo de materias diseña unha actividade común para todas elas. Esa actividade pode variar anualmente e pode mudar tamén o docente responsable da súa organización. Posto que a asistencia a esa actividade valórase con 1 punto na cualificación total do alumnado en cada materia, é vital organizar ben a actividade, darlle difusión e, unha vez realizada, comunicar ao profesorado das materias do módulo o listado do alumno/a asistente. Por este motivo, tamén este curso académico houbo unha coordinación, por un lado coa responsable do título e coa administrativa do mesmo, e por outro cos docentes de todas as materias de cada módulo.

Xuño/xullo 2014, xuntanzas de traballo nas que participaron responsables do título entre si, responsables con algúns docentes, e docentes entre si. Obxecto: Preparación das guías docentes para o próximo curso 2014-15. Dende a Facultade organizáronse sesións para acceder á plataforma de DocNet e resolver tanto problemas técnicos, que van xurdindo ano a ano, como cuestións de tipo pedagóxico, especialmente o sistema de avaliación.

Xullo 2014, día 16, xuntanza dos responsables de coordinación co profesorado do Mestrado. Obxecto: tratar un dos puntos débiles do Mestrado, a percepción que ten o alumnado de escasa coordinación entre o profesorado dunha mesma materia. Anótanse tarefas para o próximo curso que deben terse en conta para este problema.



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

3.1.2.2. Mestrado de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

3.1.2.2.1. Reunións da coordinadora de Título cos coordinadores-as de módulo e de TFM

Xuño de 2013, levouse a cabo unha reunión para revisar as guías docentes do curso 2013-14 das distintas materias para detectar e evitar solapamentos de contidos e asegurar unha distribución equilibrada de tarefas ao longo de todo o curso académico, apoiada nunha programación racional do contido desenvolto nas materias.

3.1.2.2. Reunións da coordinadora de materia co profesorado das mesmas

De xuño e setembro de 2013 e xaneiro-xullo de 2014, as materias impartidas por máis de un profesor-a necesitaron de distintas accións de coordinación de forma intermitente que se desenvolveron de xeito máis focalizado nos meses de xuño (para tomar acordos sobre a planificación da docencia, ó inicio de cada cuadrimestre (setembro e xaneiro) para acordar as cuestións de tipo organizativo e de distribución e secuenciación de contido, así coma ó longo dos respectivos cuadrimestre para a realización dos reaxuste necesarios co grupo aula e ó final do periodo da docencia para a determinación global da avaliación, etc. Cabe salientar que se utiliza un espazo común de traballo habilitado para tal fin na plataforma de teleformación (FAITIC) para un intercambio fluído de información e experiencias.

3.1.2.2.3. Reunión de coordinación entre responsables do TFM

14 de outubro de 2013, xuntanza celebrada co obxecto de revisar as liñas de investigación dos titores-as dos TFM. Na mesma establecéronse os criterios e reparto procedendo a asignación do respectivo titor-a.

3.1.2.3. Máster do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

3.1.2.3.1. Reunión da coordinadora de campus co profesorado do módulo común

25 de setembro de 2013, xuntanza liderada pola coordinadora de campus co profesorado do módulo común do mestrado para a planificación da posta en marcha da docencia das respectivas materias. Síntese da información, os asuntos tratados e acordos tomados:

Reparto das sesións entre o profesorado, secuenciación de contido e entrega da guía docente

Seguindo a plantilla facilitada desde a coordinación, ou similar, o profesorado envía a coordinación do Campus o reparto das sesións (no caso de compartir) e a secuenciación aproximada do contido. Asimesmo facilitaralla ó alumnado a través de Faitic. A referida plantilla



Facultade de
Ciencias da Educación
Universidade de Vigo

Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

recolle a: data, horas impartidas, nome do profesor/a, temario, etc. Tamén se acorda facer a entrega da Guía Docente o alumnado polos docentes a través de Faitic.

Espazos para o desenvolvemento da docencia e titorías presenciais

As clases está previsto que se desenvolvan nas aulas da facultade de Ciencias da Educación (Campus de Ourense: Aula 1.1. Itinerario de Humanidades, Xeografía e Historia; Aula 1.2. Itinerario de Informática e Matemáticas). No caso de que o profesorado queira optar polo uso doutros espazos encargarase de solicitalos e de comunicarlle as respectivas alteracións a coordinación de Campus, ó alumnado directamente na aula e a través de Faitic, así coma en conserxería dos distintos edificios.

O profesorado informará ó alumnado do horario de titorías para a atención presencial.

Coordinación horizontal

O profesorado evitará, no posible, a superposición no desenvolvemento de contidos nas distintas materia. Para elo, os docentes chegarán a acordos e axustarán ós descritores de contido os presentados na “Memoria Verifica” para a ficha das respectivas asignaturas.

Tendo en conta que este mestrado ten modalidade de ensino presencial e seguindo as indicacións que xa se lle anunciaron desde a coordinación ó alumnado, a partir do recollido na “Memoria Verifica” do Título, a asistencia a clase e a realización da actividade pertinente é un requisito para ser avaliados polo sistema de avaliación continua. Aquel alumnado que non supere a materia por avaliación continua contará cunha proba de avaliación ao redor dos contidos nucleares da materia.

Asistencia do alumnado e profesorado e cambios excepcionais

A través dun listado, que se recomenda que pase o profesorado, plasmarase rutinariamente a sinatura do alumando nas distintas sesións e materias, co fin de obxectivar e contar con evidencias da súa presencialidade ante calquera posible reclamación.

O alumnado que se atope pendente de recibir o resultado dalgunha convalidación ou estea inscrito pendente de matricularse déuselle a consigna de que asista a clase e espérase que o profesorado lle dea a oportunidade.

Os docentes de cada materia teñen que asinar no parte de sinaturas que figurará na aula, cumprimentado os diferentes datos que se lle solicitan.

Plataforma Faitic

Aqueles docentes que non están dados de alta en Faitic enviarán un correo electrónico a faitic@uvigo.es indicando os seus datos persoais, correo electrónico, título e código da materia (figura nas respectivas guías docentes en "Datos de identificación").

Outras cuestións

No caso de que se realice algunha saída pedagóxica comunicarse á coordinación de Campus, o alumnado e conserxería, no posible con algo de antelación, así coma calquera outro cambio organizativo que altere o funcionamento xeral establecido.

3.1.2.3.2. Reunión da coordinadora de campus co profesorado do módulo específico

7 de novembro de 2013, xuntanza liderada pola coordinadora de campus co profesorado dos módulos específicos do mestrado co obxecto da posta en marcha do ensino nas respectivas materias. Síntese da información, asuntos tratados e acordos tomados:

Data de comezo do módulo específico

Infórmase de que no calendario xeral hai un erro na data de comezo para o campus de Ourense motivado pola festividade local do día 11/11/2013. Por este motivo o profesorado tratará de chegar a un acordo co alumnado e se a disposición do conxunto o permiten recuperarase a sesión presencial ou empregaranse outras estratexias para desenvolver o traballo autonomamente.

Espazos para o desenvolvemento da docencia e titorías presenciais

As clases está previsto que se desenvolvan nas aulas da facultade de Ciencias da Educación (Campus de Ourense): Aula 1.1. Itinerario de Humanidades; Aula 1.2. Itinerario de Informática e Matemáticas; Aula 1.3. Itinerario de Orientación Educativa; Aula 1.5. Itinerario de Xeografía e Historia). No caso de que o profesorado queira optar polo uso doutros espazos encargarse de solicitálos e de comunicarlle as respectivas alteracións á coordinación de Campus, ó alumnado directamente na aula, a través de Faitic e na conserxería dos edificios implicados.

Recoméndase que os docentes lle indique ó alumnado o horario e lugar de desenvolvemento das titorías para a atención presencial.

Reparto das sesións entre o profesorado, secuenciación de contido e entrega da guía docente

Seguindo a plantilla facilitada, ou similar, o profesorado enviará a coordinación do Campus o **reparto das sesións** (no caso de compartir), e a **secuenciación aproximada** do contido. Asimesmo facilitaralla ó alumnado, a lo menos, a través de Faitic. A referida plantilla recolle a: data, horas impartidas, nome do profesor/a, temario, etc.

A **entrega da Guía Docente** o alumnado recoméndase que os docentes lla faciliten os/as a través de Faitic (mediante un pdf ou a través dun hipervínculo a páxina do mestrado onde se localizan) ó inicio da impartición da docencia nas respectivas materias.

Rexistros de asistencia do alumnado e profesorado e cambios excepcionais

A través dun listado, que se recomenda pasar desde a coordinación, os/as docentes poderán recoller de forma rigorosa a asistencia do alumnado, nas sesións das distintas materias, a través da súa sinatura. Isto permitirá obxectivizar e contar con evidencias, ante calquera posible reclamación, sobre a presencialidade dos estudantes.

O profesorado de cada materia asinará no parte de sinaturas que figurará na aula, cumprimentado os diferentes datos que se lle solicitan.



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

Coordinación horizontal: contidos e asistencia

O profesorado evitará, no posible, a superposición no desenvolvemento de contidos nas distintas materia. Para elo, é convinde coordinarse para chegar a acordos e axustarse ós descritores de contido que presenta a “Memoria Verifica” do Título na ficha das respectivas materias.

Tendo en conta que este mestrado ten modalidade de ensino presencial e seguindo as indicacións que xa se lle anunciaron desde a coordinación ó alumnado, a partir do recollido na “Memoria Verifica” do Título, a asistencia a clase e a realización da actividade pertinente é un requisito para ser avaliados polo sistema de avaliación continua. Aquel alumnado que non supere a materia por avaliación continua contará cunha proba de avaliación ao redor dos contidos nucleares da materia, na data marcada polo calendario oficial do mestrado.

Outros asuntos

Plataforma Faitic

Aqueles docentes que non están dados de alta en Faitic deberán enviar un correo electrónico a faitic@uvigo.es indicando os seus datos persoais, correo electrónico, título e código da materia (este figura nas respectivas guías docentes en "Datos de identificación").

Saídas pedagóxicas

Para facilitar o coñecemento, por se algún alumno/a non conta coa información ou por se puidese ocorrer calquera altercado, no caso de que se realice algunha saída pedagóxica, comunicarse á coordinación de Campus, o alumnado e conserxería, no posible con algo de antelación, así coma calquera outro cambio organizativo que altere o funcionamento xeral establecido.

3.1.2.3.3. Reunións da coordinación de materia co profesorado das mesmas e do itinerario

De xuño e setembro de 2013 e xaneiro-xullo de 2014, as diferentes materias que son impartidas por varios docentes contan con diversas accións de coordinación entre o profesorado antes do comezo do curso e ó longo do mesmo, reforzándose nos meses de xuño (para a toma de acordos sobre o deseño das materias do vindeiro curso, a inicio do cuadrimestre (setembro, novembro e xaneiro) para determinadas cuestións de carácter organizativo e a distribución e secuenciación de contido, así coma durante os distintos cuadrimestre pola necesidade de afrontar diferentes reaxustes (entre unha mesma materias e entre as materias do itinerario) na dinámica do proceso de ensino e ó final do periodo de clase para realizar a valoración de conxunto, etc. Tamén hai que sinalar a importancia de que todo o profesorado empregue plataformas de teleformación como apoio para a coordinación e a docencia e o proceso de aprendizaxe do alumnado.



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

3.1.2.3.4. Coordinación da coordinadora de campus co profesorado que participa no Prácticum

Decembro de 2013, coordinación de campus co profesorado do mestrado para asignar a titorización do módulo do prácticum. A través do grupo de correo electrónico organizáronse co profesorado do mestrado, do módulo común e específico, o reparto para a dirección de Traballos Fin de Mestrado e das Prácticas Curriculares do alumnado. Os docentes concretaron a súa dispoñibilidade con indicación do nº máximo de TFM que dirixirían e a preferencia polo itinerario, así coma o da titorización das prácticas externas.

3.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

3.2.1. Títulos de Grao

3.2.1.1. Accións de coordinación da coordinadora do PAT cos titores/as

De forma intermitente ó longo do curso académico 2013-14, para interferir o menos posible coas actividades docentes, investigadoras e de xestión e non sobrecargar ó profesorado con excesivo número de reunións, as accións de coordinación correspondentes á titorización do Plan de Acción Titorial (PAT) realízanse fundamentalmente a través do correo electrónico e da plataforma virtual (FAITIC). Nesta plataforma cóntase con espazos para tal efecto para cada Título do Centro nos que se inclúen titores/as e estudantes de 1º curso dos graos, así como información sobre o Plan de Acción Titorial do Centro, protocolos, grupos de titorización, descrición de accións a realizar, etc.

De forma sintética cabe indicar que unha vez asignados os/as titores/as aos grupos de estudantes de 1º curso dos distintos Títulos, a coordinadora do PAT, publicou nos espazos habilitados en FAITIC os listados dos mesmos. Ao tempo actualizouse a documentación correspondente ao PAT para o curso 2013-14 e informouse aos titores do obxectivo da 1ª reunión cos grupos de estudantes. Trátase de solicitar datos dos estudantes: cumprimentar a ficha inicial de detección de necesidades; e de informase de como transcorreu o seu período de adaptación á contorna universitaria. Faise fincapé en prestar especial atención aos estudantes que se incorporan máis tarde e non poden asistir ás xornadas de acollida por si necesitasen algún tipo de orientación específica. Isto é frecuente nun bo número de estudantes dos Graos en Educación Social e Traballo Social, titulacións que completan as súas matrículas no mes de outubro.

Como temas de interese para tratar na reunión suxeríronse a:

- Presentación do propio PAT: Obxectivos e Compromisos.



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

- Algunha información de interese sobre as: menciones, bolsas da Facultade de CC. da Educación, Idiomas, Cultura, Deportes. Logo da 1ª reunión cos grupos de estudantes (realizada ao longo do mes de novembro) os titores/as enviaron un resumo da información recollida na mesma, así como unha síntese dos acordos, incidencias e suxestións á coordinación do PAT. Esta información se sistematizou pola coordinadora e derivouse aos distintos axentes implicados: equipo decanal, coordinadores/as de Título, coordinadores/as de curso, etc. de modo que se dese solución aos asuntos máis urxentes e integrase nas distintas reunións de coordinación a temática pertinente a cada unha delas.
- O obxectivo da 2ª reunión de grupos de PAT é a análise da marcha do curso e a detección de posibles dificultades rexistradas polos estudantes durante o curso, incluídas as avaliacións do 1º cuatrimestre. Realizáronse as reunións cos estudantes logo das avaliacións do 2º cuatrimestre (meses de marzo e abril) e a comunicación entre coordinación do PAT e titores/as levouse a cabo utilizando o mesmo procedemento que na anterior reunión a través do correo electrónico e a plataforma FAITIC.
- Do mesmo xeito que en cursos anteriores detectáronse algunhas incidencias respecto de espazos, desaxustes en horarios, fallos na difusión da información, etc, que foron rapidamente resoltos. Tamén se recibiron algunhas queixas e suxestións por parte do alumnado cuxa resolución precisa de reflexión ou axustes máis complexos polo menos plantexados a medio prazo. Estas temáticas recompiláronse para ser analizadas e tratarse con posterioridade nos órganos e servizos correspondentes da Universidade.

3.2.1.3. Reunión da coordinadora de calidade e a Vicedecana de planificación

20 de maio de 2014, levouse a cabo unha reunión entre responsables do equipo decanal para planificar o proceso para a elaboración dos informes de seguimento, así como para abordar as tarefas e establecemento de responsabilidades entre os coordinadores de Titulación, Profesorado de Apoio á calidade e bolseiros-as.

3.2.1.3. Reunións entre os decanos/as representantes das universidades galegas

15 de xullo de 2014, reuníronse en Santiago de Compostela os decanos-as das Universidades Galegas para por en común os asuntos tratados na reunión sobre o convenio do práctico coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e realizar unha valoración da implicación desta acción.



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

3.2.2. Títulos de Mestrado

3.2.2.1. Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Ó longo do curso académico mantivéronse contactos continuados entre os docentes con responsabilidade no título e os membros do Equipo Decanal e da Comisión Académica do mestrado e da Comisión de Calidade do centro. Dáse a circunstancia que durante o curso 2013-2014 a coordinadora do título e a decana eran a mesma persoas, así como que varios membros do equipo decanal eran á súa vez membros da Comisión Académica do Mestrado e da Comisión de Calidade do Centro. Esta circunstancia supuxo que a información entre todos estes foros fora constante e fluída, sen que fose necesario organizar xuntanzas formais de coordinación e comunicación.

3.2.2.2. Mestrado de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

7 de maio de 2014, realizouse unha reunión con docentes doutras Universidades, concretamente da Universidade de Oviedo, e diferentes áreas da nosa Facultade (Psicoloxía Evolutiva e da Educación, e Psicoloxía Básica) na que se analizou o estado actual das necesidades específicas de apoio educativo e a súa transferencia ao ámbito docente e investigador. Discutiuse a aplicabilidade das investigacións que se realizan nos Traballos Fin de Máster e valorouse o axuste destas ás necesidades dos centros educativos. Con este tipo de sesións preténdese actualizar e mellorar a planificación das ensinanzas e axustar as investigacións dos TFM ás necesidades educativas reais.

3.2.2.3. Máster do profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza dos idiomas

Setembro de 2013 a xullo de 2014, ó longo do curso académico mantívose unha coordinación constante a través de grupos de correo electrónico entre a coordinadora xeral do mestrado, a secretaria académica, as coordinadoras dos campus de Pontevedra e Ourense e coa Comisión Académica do mestrado. Este intercambio entre os responsables intercampus é habitual para tomar acordos e manter directrices comúns de aplicación. Asimesmo, en diversos momentos tamén se fixeron reunións presenciais para tratar os asuntos de maior calado (deseño da guía do prácticum, de rubricas para calificación do TFM, organización da presentación dos TFM, etc.).



Edificio Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

IV. CONCLUSIONES

Poderanse establecer as principais conclusións que se extraen das análises e das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) nas distintas ensinanzas.

Ó longo do curso académico 2013-2014 leváronse a cabo diversos tipos de coordinacións dirixidas a planificación e desenvolvemento do ensino aínda que non sempre se deixan rexistros documentais sobre as mesmas. Neste sentido é preciso continuar incidindo no desenvolvemento sistemático de xeración de evidencias, xa que tanto polo volume de traballo no que se atopa inmerso o profesorado como pola falta de tradición deste tipo de dinámicas non existen hábitos arraigados para expedir documentalmente as evidencias das diversas accións do traballo desenvolto. Con todo estase a avanzar neste tipo de dinámicas. De modo que, existen xuntanzas de coordinación formais, con convocatoria previa, orde do día e actas. Parte delas son de responsables de coordinación, outras se centras en reunións con todo o profesorado e noutras ocasións a coordinación é entre os responsables do título e persoal da unidade centralizada de calidade, etc.

Neste centro existe bastante bo clima para a implicación dos docentes, con todo o proceso de coordinación realizase na súa meirande parte en xuntanzas de traballo, convocadas oralmente ou por correo electrónico. Este tipo de estratexias de traballo teñen o propósito de organizar o funcionamento cotiá da planificación e desenvolvemento do ensino, actuando sobre situacións reais e previsibles, algunhas veces (como organizar as prácticas curriculares, os TFG e os TFM ou as guías docentes), e outras para atender a situacións non previstas que xorden en calquera momento do curso académico (atender ao alumnado estranxeiro que se matriculou ese curso, resolver problemas administrativos dun estudante concreto, etc.). Outras destas accións de coordinación nacen espontaneamente, ante a presenza dunha incidencia, problema ou suxestión. Calquera momento é idóneo para consultar, informar, resolver dúbidas, etc.)

Somos conscientes da importancia que ten o non se desperdicie ningún tipo de circunstancia na que se poda establecer contacto directo entre o persoal implicado, fortalecendo as relacións de coordinación/información/discusión aberta, fluídas e constante.

Ourense, a 31 de outubro de 2014

Vº e Pr. A Presidenta

A Secretaria

Asdo.: M^a del Mar García Señorán



Asdo.: M^a Carmen Ricoy Lorenzo